

## **Instrucións sobre a campaña de vacinación fronte ás enfermidades meningocócicas polo serogrupo C nos centros de menores**

### **1. INTRODUCCIÓN**

A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e do Servizo Galego de Saúde, vai levar a cabo unha **CAMPAÑA EXTRAORDINARIA DE VACINACIÓN ANTIMENINGOCÓCICA C DESTINADA Á POBOACIÓN DE 13 A 25 ANOS DE IDADE.**

**Co obxecto de facilitar ao máximo a accesibilidade á vacinación de todas as persoas incluídas nestes grupos de idade, acordouse entre a Vicepresidencia e a Consellería de Sanidade vacinar os menores dentro do propio centro, ao que se desprazará un equipo sanitario para realizar esta actividade en datas acordadas previamente entre a dirección do centro de menores e os/as responsables sanitarios.**

### **2. XUSTIFICACIÓN**

Durante os anos 1995 e 1996 a Dirección Xeral de Saúde Pública puxo en marcha unha campaña de vacinación masiva coa vacina de polisacáridos A + C, única dispoñible nese momento, para todas as persoas dende os 18 meses ata os 19 anos, que se desenvolveu entre decembro do 1996 e xaneiro do 1997.

Esta campaña obtivo unha alta aceptación entre a poboación e os/as profesionais sanitarios, aceptación que se reflicte nas altas taxas de coberturas obtidas (máis do 85% do total da poboación diana) e, como resultado conseguíuse un descenso importante dos casos totais de enfermidade meningocócica C.

A partir do ano 2000 recomendouse a vacinación coa nova vacina conxugada fronte ao serogrupo C de todos aqueles nenos/nenas nados a partir do 1 de xaneiro de 1993, á vez que se incluía esta vacina no calendario sistemático de vacinacións aos 2, 4 e 6 meses de idade.

Todas estas actuacións levaron á diminución da aparición de casos de enfermidade meningocócica por serogrupo C (EMSC), pero a partir da tempada 2003/04 comézase **a detectar un lixeiro e continuado aumento na incidencia así como un incremento da letalidade**, especialmente na poboación maior de 13 anos. Esta tendencia mantívose na temporada 2004/05, e estase a repetir na presente tempada. Estes feitos probablemente sexan debidos á diminución da protección da vacina polisacárida co paso do tempo e tamén ao aumento da exposición.

Nesta situación constátase a necesidade de establecer unha campaña de vacinación con captación específica dos grupos de idade máis afectados, poboación de 13 a 25 anos, co obxectivo de protexer o maior número de persoas posibles, tanto pola protección directa que proporciona a vacina como pola inmunidade de grupo conferido pola vacinación.

### **3. POBOACIÓN DIANA**

**Todos os residentes ou calquera outro persoal pertencente o centro de menores nados entre o 1 de xullo de 1980 e o 31 de decembro de 1992, é dicir, que teñan entre 13 e 25 anos, ambos incluídos.**

A estas persoas administraráselles unha única dose de vacina.

A campaña terá carácter gratuíto para todas as persoas que constitúen a poboación diana.

### **4. DURACIÓN DA CAMPAÑA**

**INICIO:** 6 de FEBREIRO de 2006

**FINAL:** 30 de XUÑO de 2006

## **5. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A VACINACIÓN NOS CENTROS DE MENORES**

### **5.1. Actividades previas á vacinación no centro de menores**

5.1.1. Antes do comezo da campaña a Dirección Xeral de Saúde Pública fará chegar a todos os centros de menores os materiais necesarios para o seu desenvolvemento:

- carta de presentación da campaña dirixida as familias dos menores (no seu caso)
- folletos poboacionais de promoción da vacinación
- fichas de vacinación, que serán cubertas por todos os alumnos. A autorización para a vacinación será asinada polos pais/nais ou titor responsable.

5.1.2. O persoal do centro de saúde ou equipo que vai levar a cabo a vacinación poñerase en contacto coa dirección do centro de menores cunha antelación suficiente para acordar as datas nas que vai acudir a vacinar ao centro e para planificar a actuación.

5.1.3. Días antes da data acordada para a vacinación, o centro de menores deberá entregar aos alumnos/as obxecto da vacinación o material informativo da campaña, así como as fichas de vacinación para que sexan asinadas polos seus pais/nais (ou titor responsable). Así mesmo, recordaráselles a importancia de que cada un deles/delas achegue a súa cartilla ou carné de vacinación.

5.1.4. Os alumnos previamente á data fixada para a vacinación deberán entregar ao director do centro a ficha de vacinación debidamente cuberta xunto coa cartilla de vacinación ou outro documento acreditativo do seu estado vacinal. Será función do director do centro insistir, recoller e custodiar estes documentos durante os días anteriores á actuación vacinal e poñelos á disposición do equipo de vacinación na data acordada para iso.

## 5.2. Actuación no centro

O día fixado para a vacinación no centro o equipo de vacinación acudirá ao centro con todo o material necesario e procederá ás seguintes actuacións:

- ✓ Solicitaralle ao director do centro a ficha de vacinación de cada un dos menores
- ✓ Vacinará a todos aqueles menores nos que a vacinación estea autorizada
- ✓ Cubrirá a cartilla ou o carné de vacinación do menor. Se non dispoñen deste documento proporcionaráselles un novo
- ✓ Deixarase o orixinal da ficha de vacinación no centro para que este a faga chegar aos pais / titores do menor co obxectivo de que lla entreguen ao médico de cabeceira
- ✓ A todos aqueles menores que non estean ese día no centro, daráselle a folla de vacinación ao director para que lla faga chegar aos pais / titores do menor, coa indicación de que acuda ao seu médico de cabeceira para realizar a vacinación
- ✓ No caso daqueles menores que non presentan ficha de vacinación ou ben que a achegan pero non autorizan a vacinación, tamén se lles deixará o orixinal da folla, coa indicación de que acuda ao seu médico de cabeceira se desexa realizar a vacinación

## 6. REPOSICIÓN DE MATERIAL GRÁFICO

Se por calquera circunstancia o centro de menores non recibise o material gráfico con antelación á data acordada co equipo sanitario para a vacinación, deberá solicitalo por correo electrónico (vacinas @sergas.es) ou fax (números 981 54 29 70 / 981 54 29 43) á Dirección Xeral de Saúde Pública cunha antelación de 72 horas sobre a data desexada de recepción do dito material.

Así mesmo, se unha vez feita a entrega deste material gráfico aos menores este resulta insuficiente poderá solicitarse pola mesma vía un envío adicional de material.

## 7. INFORMACION XERAL SOBRE A CAMPAÑA

En calquera momento do desenvolvemento da campaña os centros de menores poderán solicitar información adicional ou realizar a consulta de calquera dúbida que lles poida xurdir, ben á Dirección Xeral de Saúde Pública ou á delegación ou xerencia da súa provincia nos contactos que figuran no ANEXO I deste documento. Así mesmo terán toda esta información dispoñible nas páxinas Web da Vicepresidencia e Consellería de Sanidade (Dirección Xeral de Saúde Pública).

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2006

Secretario xeral e de Relacións Institucionais



Antonio Losada Trabada

Director Xeral de Saúde Pública



Ramón Medina González-Redondo

**ANEXO I**

**TELÉFONOS E FAX DE CONTACTO**

<b>DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA</b>	
TEL.: 981 54 29 11 / 59 981 54 65 85	FAX 981 54 29 70 / 981 54 29 43
Correo electrónico: <a href="mailto:vacinas@sergas.es">vacinas@sergas.es</a>	

**COORDINADORES/AS NAS XERENCIAS**

<b>PROVINCIA DA CORUÑA</b>		
A Coruña: Purificación Cal Viqueira	Tel. 981 21 91 08 / 09	Fax 981 21 91 14
Ferrol: Gemma García Riveira	Tel. 981 33 66 06	Fax 981 33 66 46
Santiago de Compostela: Juan Millán Pérez	Tel. 981 95 61 14	Fax 981 95 61 02

<b>PROVINCIA DE LUGO</b>		
Lugo: José Luis López Jiménez	Tel. 982 29 60 39	Fax 982 24 24 16

<b>PROVINCIA DE OURENSE</b>		
Ourense: José Luis Álvarez Prieto	Tel. 988 38 64 22	Fax 988 38 63 75

<b>PROVINCIA DE PONTEVEDRA</b>		
Área Norte–Pontevedra: Julia Aida Méndez Baliñas	Tel. 986 80 58 33 / 34	Fax 986 80 58 46
Área Sur – Vigo: Bernardino Vázquez Abal	Tel. 986 81 64 65 / 69	Fax 986 81 64 71

**RESPONSABLES NAS DELEGACIÓNS PROVINCIAIS DA CONSELLERÍA DE  
SANIDADE**

**PROVINCIA DA CORUÑA**

Delegación Provincial de Sanidade Dorotea Medín Guyatt	Tel. 981 18 22 61	Fax 981 18 57 25
---	-------------------	------------------

**PROVINCIA DE LUGO**

Delegación Provincial de Sanidade Margarita Díaz García Cándido Sánchez Castiñeiras	Tel. 982 29 41 17 982 29 41 09	Fax 982 29 48 48
---	-----------------------------------	------------------

**PROVINCIA DE OURENSE**

Delegación Provincial de Sanidade María Villar Suárez	Tel. 988 38 63 37	Fax 988 38 63 02
--	-------------------	------------------

**PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

Delegación Provincial de Sanidade Luis Esteban Meruéndano	Tel. 986 80 58 23	Fax 986 80 58 02
--	-------------------	------------------